

**ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA
DA INTERSECCIÓN NO P.Q. 9+980 DA PO-400**

CLAVE: PO/23/152.06.1

1. Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto a mellora da intersección situada na estrada PO-400 no punto quilométrico (P.Q.) 9+980, no concello das Neves (Pontevedra). A actuación consistirá na substitución da intersección actual por unha con carrís centrais de espera (aceleración e deceleración), que permita realizar manobras cun maior grao de seguridade.

2. Plan de Estradas

A estrada PO-400 é unha estrada convencional da Rede Complementaria da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

O trazado da intersección defínese a través da actual estrada PO-400 (eixo principal) e a derivación do camiño municipal (eixo secundario que conecta cos núcleos da Laxe e A Igrexa). Esta intersección trasládase dende o P.Q. 9+980 ata o P.Q. 10+035, coa finalidade de conseguir unha mellor visibilidade e mellorar a capacidade de xiros.

4. Características técnicas

As principais características da nova intersección son:

PO-400:

- O trazado proxectado segue o trazado actual, ampliando a plataforma polo lado sur, para dar cabida aos carrís de xiro e aos de acceso; consta dunha aliñación curva de 100 m de radio, enlazada polo oeste cunha aliñación recta, e ao leste mediante unha curva de transición de parámetro 75.

- En rasante o trazado adaptase a actual configuración da estrada, pasando dunha pendente do 1% a unha do 5,25%.

Eixo secundario:

Desvíase o vial existente, cunha traza en planta que engarza na zona de intersección da PO-400 cunha curva circular de 18 metros, suavizada na zona de entronque a 28 m, e unha contracurva para axuste a actual traza de 60 metros. Entre as mesmas suavízase a traza mediante curvas de transición. O cambio do sentido da curvatura axústase para que se produza fora do acordo vertical.

A traza axústase desta maneira para minorar a afección a terreos, e tendo en conta a velocidade limitada do entronque, e as características secundarias do camiño municipal.

A rasante deste eixo axústase as condicións de contorno, ao 6,7% de pendente, e no engarce ao 5,5% xa axustada ao peralte transversal da PO-400.

Firmes e pavimentos:

- **PO-400:** 6 cm de AC 22 SURF BC50/70 S en capa de rodaxe + 10 cm de AC-22BIN BC50/70S en capa intermedia + 40 cm de saburra artificial + rega de imprimación con emulsión C50BF4 IMP. Entre as capas de aglomerado botarase unha rega de adherencia con emulsión C60B3 TER.

- **Para o vial municipal:** 5 cm de AC 22 SURF BC50/70 S en capa de rodaxe + 5 cm de AC-22BIN BC50/70S en capa intermedia + 30 cm de saburra artificial + rega de imprimación con emulsión C50BF4 IMP. Entre as capas de aglomerado botarase unha rega de adherencia con emulsión C60B3 TER.

Marca viais: serán permanentes de cor branca tipo II RR e o nivel de reflectancia das **sinais verticais** será RA2.

5. Principais unidades de obra

- Escavación de terra vexetal	3.646,00 m ³
- Terraplén con terreos procedentes de préstamos	8.670,00 m ³
- Coroación de terraplén con terreos seleccionados (préstamos)	1.661,88 m ³
- Demolición por medios mecánicos de firme bituminoso	152,66 m ³
- Fresado de pavimento existente	8.634,60 m ²
- Saburra natural ZA-0/32	570,47 m ³
- Formigón bituminoso en quente AC 22 Surf 50/70 S	426,71 tn
- Formigón bituminoso en quente AC 32 Bin 50/70 S	276,15 tn
- Betume asfáltico 50/70	33,76 tn
- Barreira de seguridade metálica N2, W5, A	171,70 m
- Sum. Inst. 3 tubos poliet. Ø110 mm	132,24 ml

6. Poboación Servida

As Neves 3.739 hab.

TOTAL: 3.739 hab.

7. Concellos Afectados

As Neves

8. Expropiacións

Parcelas afectadas: 9, pertencentes ao concello das Neves e unha superficie de 2.594,50 m².

Expropiación de terreos	54.291,97 €
Bens Afectados	420,00 €
Premio de afección	2.735,6 €
TOTAL	57.447,57 €

9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CATRO (4) meses.


10. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	395.022,38 €
Orzamento expropiacións	57.447,57 €
Orzamento para servizos afectados	7.910,82 €
Orzamento para coñecemento da administración	460.380,77 €.


11. Orzamentos por concello

<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
As Neves	PO-400	460.380,77 €	100

PLANO DE SITUACIÓN




SECCIÓN AA´




ESTADO ACTUAL



SECCIÓN BB´



ACTUACIÓN



SECCIÓN CC´

